



Grupo Municipal
RIBEIRA

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA

AO ORGANISMO AUTÓNOMO AUGAS DE GALIZA DA CONSELLERÍA DE MEIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

M^a DOMINGA BRIÓN SANMIGUEL, Concelleira-voceira do grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** no Concello de Ribeira con DNI nº 33.257.400K, e con domicilio, a efectos de notificación en Ribeira, Rúa da Amarella, 2 Entrechán, CP 15960, teléfono 626.443.532, ante o Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira e Organismo Autónomo Augas de Galiza da Consellería de Meio Ambiente e Desenvolvemento Sostible,

EXPÓN

Que se ven de publicar no BOP nº 157 de 9 de xullo de 2008, o anuncio de aprobación e sometemento a información pública, por un prazo de 20 días hábiles, do anteproxecto de contrato de concesión de obra pública “Colectores Xerais e EDAR de Corrubedo, Ribeira (OH.315.756)” redactado pola Administración Hidráulica de Galiza, a efectos de exercer o dereito de presentación de **ALEGACIÓNS** que se estimen procedentes.

Que o saneamento integral de todo o Concello é unha vella reivindicación do BNG, conscientes da necesidade de dotarnos do mellor sistema de tratamento das augas residuais para o desenvolvemento sustentábel de Ribeira, preservando a riqueza da Ría da Arousa e o privilexiado entorno natural do que contamos: Parque Nacional das Illas Atlánticas, Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Rede Natura e outros espazos de especial protección.

Que, como **Voceira do Grupo Municipal do BNG do concello de Ribeira** e partindo da miña consideración de interesada na totalidade do expediente do **contrato de concesión de obra pública “Colectores Xerais e EDAR de Corrubedo, Ribeira (OH.315.756)”**, a través do presente escrito **VEÑO A PERSONARME** no referido expediente ao tempo que presento as seguintes

ALEGACIONES:

PRIMEIRA.- No anteproxecto da actuación “Colectores Xerais e EDAR de Corrubedo, Ribeira (OH.315.756)” non se recollen colectores para importantes núcleos de poboación como son os lugares de Lixó, Muíños e Salmón na parroquia de Oleiros e que, pola súa proximidade ós colectores e canalizacións previstas no propio anteproxecto así como a densidade de poboación e alto grado de urbanización, polo que se solicita a súa inclusión.

Así mesmo, e pola mesmas razóns, se solicita a inclusión dos lugares de Olveira de Arriba e Igrexa, na parroquia de Olveira así como o núcleo de Teira na de Corrubedo.

SEGUNDA.- O percorrido das canalizacións previstas no anteproxecto para o treito comprendido entre Artes e Olveira discorre pola marxe dereita da estrada provincial CP7304. Co obxecto de evitar danos en infraestructuras xa existentes e previstas neste tramo, propónse a o seu trazado pola marxe esquerda na dirección indicada.

TERCEIRA.- No anteproxecto indícase que a saída do emisario da EDAR rematará a -2,5 m. Propónse que se busque unha saída dos efluentes a maior profundidade (entre -15 e -20 m) e en augas con predominio de correntes en dirección a mar aberto.

CUARTA.- No anteproxecto de obra compróbase que a instalación da EDAR de Corrubedo ocupa en parte varios camiños públicos. Estes camiños son moi utilizados por numerosas persoas tanto para acceder ás súas propiedades como nos percorridos e lecer da poboación local e visitante. Propónse que estes camiños sexan conservados na maior medida posible, rehabilitados respectando a tipoloxía dos camiños tradicionais e, na medida do posible, separados da instalación da EDAR alomenos con pantallas vexetais.

QUINTA.- No anteproxecto da obra propónse un nivel sonoro para o exterior da EDAR de 90 decibelios (40 dB a 1000 m). Dado o elevado interese paisaxístico do lugar de enclave elixido así como o gran número de persoas que percorren eses lugares, propónse a diminución do nivel sonoro ao mínimo tecnicamente posible (68/70 dB) nas proximidades da EDAR.

SEXTA.- Dado o elevado interese paisaxístico do lugar elixido para a instalación da EDAR, e co fin de acadar un menor impacto visual da instalación, propónse a diminución da cota mínima da EDAR (nivel do chan) aos mínimos posibles para lograr a menor elevación posible sobre o terreo.


SÉTIMA.- Sempre co obxectivo dunha mellor integración da EDAR no contorno no que se sitúa, propónse a dotación da instalación cunha pantalla exterior vexetal.

Por todo o anterior, atendendo aos argumentos que quedan expostos

SOLICITA

Que ao amparo da lexislación en materia de procedemento administrativo común se teñan en conta estas alegacións no expediente do contrato de concesión de obra pública “Colectores Xerais e EDAR de Corrubedo, Ribeira (OH.315.756)”, se nos notifique todos os actos administrativos que se decidan co obxectivo de formular alegacións, suxestións, etc. e no seu caso, os recursos que procedan así como todo tipo de medidas para dotarnos do mellor sistema de tratamento das augas residuais e defender o noso litoral e os nosos espazos protexidos.

Ribeira a 30 de xullo de 2008

A handwritten signature in blue ink, enclosed in a large, loopy oval shape. The signature appears to read "Mª Dominga Brión Sanmiguel".

Asdo.: Mª Dominga Brión Sanmiguel

Voceira Grupo Municipal BNG de Ribeira